

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 15 DE DECEMBRO DO 2022.**

ASISTENTES:

<p align="center">Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS</p> <p align="center">Membros que asisten:</p> <p>SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p align="center">Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center">Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center">Membros que non asisten:</p> <hr/>
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Quinze de Decembro do Dous mil vinte e dous, reúnenos os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria celebrada na data 09/11/2022.

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202212/058

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 09/12/2022 "Decreto: ADXUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS "MELLORA DA ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN RÚA DO CARREIRO (AGUIÑO)""



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202212/059

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruíz Rivas, de data 09/12/2022 "Decreto: ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS "PAVIMENTACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE EN RÚA MONUMENTO""

4.- LICENZA MUNICIPAL para MOVIMENTO DE TERRAS (PLAN PARCIAL, XARÁS, RIBEIRA). PROMOTORES: KIBU INMUEBLES S.L.U.

VISTA a solicitude presentada pola entidade **KIBU INMUEBLES S.L.U.** de **LICENZA DE OBRAS** para **MOVIMENTO DE TERRAS E ADAPTACIÓN DE PARCELA** para **FUTURA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICACIÓN INDUSTRIAL (PLAN PARCIAL, XARÁS, RIBEIRA)**, proxecto de data 9 de setembro de 2022 de movemento de terras e adaptación de parcela polo Enxeñeiro Agrónomo **D. Martín Muñoz Bretón**, enxeñeiro agrónomo, colexiado nº 2.334 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Andalucía, e nas seguintes parcelas: nº 1779, 1764, 1763, 1762, 1761 e 1760, da Rúa Industrial do polígono industrial Xaras de Ribeira, A Coruña. En concreto a parcela obxecto do presente proxecto queda englobada na rúa Gramaje, chan PARC-A e dispoñen das seguintes referencias catastrais:

15074A938017790000UQ - 15074A938017640000UI - 15074A938017630000UX -
15074A938017620000UD - 15074A938017610000UR - 15074A938017600000UK

ACREDITADO que según o Proxecto obrante no expediente o prantexado ubicase dentro das obras admisibles tal como está tamén contemplado no Art. 23 do propio PXOM do Concello de Ribeira.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe** emitido polo **arquitecto técnico** en tarefas de asesoramento a esta Corporación D. Manuel Sabin Sabín con data **25 de outubro de 2022**, e o **secretario xeral da Corporación** de data **25 de outubro de 2022**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, coas observacións que se realizan na proposta de acordo.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade **KIBU INMUEBLES S.L.U.**, **LICENZA DE OBRAS (Nº 40/22)** para **MOVIMENTO DE TERRAS E ADAPTACIÓN DE PARCELA** para **FUTURA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICACIÓN INDUSTRIAL**, según proxecto de data 9 de setembro de 2022 de movemento de terras e adaptación de parcela polo Enxeñeiro Agrónomo **D. Martín Muñoz Bretón**, enxeñeiro agrónomo, colexiado nº 2.334 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Andalucía e nas seguintes parcelas: nº 1779, 1764, 1763, 1762, 1761 e 1760, da Rúa Industrial do polígono industrial Xaras de Ribeira, A Coruña. En concreto a parcela obxecto do presente proxecto queda englobada na rúa Gramaje, chan PARC-A e dispoñen das seguintes referencias catastrais:

15074A938017790000UQ - 15074A938017640000UI - 15074A938017630000UX -
15074A938017620000UD - 15074A938017610000UR - 15074A938017600000UK



SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construction, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas,*



- números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.



5.- LICENZA MUNICIPAL para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE SOTO, PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA, PECHE E PISCINA. PROMOTOR: SIEIRA INVERSIONES, S.L. LUGAR: INSUELA, PALMEIRA (RIBEIRA)

VISTA a **solicitud** de licencia urbanística presentada pola entidade **SIEIRA INVERSIONES, S.L.**, para construción de vivenda unifamiliar de soto, planta baixa, planta primeira, peche e piscina en Insuela, Palmeira Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A007008130000KB, achegándose Proxecto Básico de abril de 2022 redactado por D.Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451).

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico** emitido polo arquitecto técnico en tarefas de asesoramento a esta Corporación con sinatura dixital favorable de **día 22 de novembro de 2022**, o **informe** emitido pola **enxeñeira municipal** Uxía Landeira Pereira o día **1 de decembro de 2022** en relación á **fianza** para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa, valorada en **772,46 €**, do **técnico de administración xeral** de data **1 de decembro de 2022** e do **secretario xeral** da Corporación de data **12 de decembro de 2022**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- CONCEDER á entidade **SIEIRA INVERSIONES, S.L. LICENZA DE OBRAS (Nº 41/22)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE SOTO, PLANTA BAIXA PLANTA PRIMEIRA, PECHE E PISCINA** en Insuela, Palmeira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A007008130000KB, nos termos do Proxecto Básico de abril de 2022 redactado por D.Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451):

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.
- Deberá en relación aos 22,80 m² xa cedidos ao Concello de Ribeira, completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 772,46 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade Saúde** co preceptivo visado do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da



notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO:- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- *Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

QUINTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*



- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
-Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO:- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a*



existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

6.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN FIANZA - Rosa María Domínguez Rego

Visto o escrito presentado por **Rosa María Domínguez Rego**, de data 02/08/2022 (Registro de entrada nº 14.619), no que solicita a devolución de fianza depositada como condicionante de licenza 3/22 (Por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 28/07/2022, se aceptou o desistimento e a devolución dos tributos asociados á licenza).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 01/12/2022, no que sinala:

*“Personados los Servicios Técnicos Municipales en el lugar, se ha podido comprobar que no se iniciaron las obras para una vivienda unifamiliar por renuncia a la obra y tampoco las obras de urbanización impuestas en la fianza.
Se informa favorablemente la devolución de la Fianza.”*

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución da fianza depositada por **Rosa María Domínguez Rego** como condicionante de licenza 3/22 (Por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 28/07/2022, se aceptou o desistimento e a devolución dos tributos asociados á licenza), polo importe de 147,45 €.

7.- LICENZA DE SEGREGACIÓN-AGRUPACIÓN DE FINCAS. PROMOTOR: JOSÉ JAIME GARCÍA REIRIZ. LUGAR: Lugar de Avda de Ferrol, Ribeira

VISTA a solicitude de **licenza de solicitude de licenza segregación-agrupación** de fincas (ref catastral 0425727NH0102N0001TI) formalizada por **D. José Jaime García Reiriz** según proxecto do enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico D. Juan Carlos Escurís Villa ,colexiado nº 11.166, e según o seguinte cadro de características:

PROMOTOR: José Jaime García Reiriz

SITUACIÓN: Avda. de Ferrol (Ribeira)

R. CATASTRAL: 0425727NH0102N0001TI

ASUNTO: Segregación de parcela

TIPO DE SUELO: Suelo Urbano 6.2, 6.3A

CAUSA DE CESIÓN: Cesiones según vial de 15,00 m de ancho con alineaciones definidas
Cesión: 156,56 m2



DOCUMENTACIÓN: Acta de protocolización de operaciones particionales aprobadas judicialmente (1.008) Don Gonzalo Freire barral, Notario , da Fe:

Que en virtud de mandamiento de doña Cristina Fernández Fernández, Juez del Juzgado de 1ª instancia Nº 1 DE Ribeira, de 5 de noviembre de 2.013, protocolizo los siguientes documentos:

1.- Testimonio expedido el 6 de noviembre de 2.013 por doña Violeta Reboredo Otero, Secretaria de dicho Juzgado, que contiene diligencia de ordenación de 5 de noviembre de 2.013, en el cual se declara la firmeza del decreto de 7 de octubre de 2.013, a que se hará mención en el punto siguiente.

2.- Testimonio expedido por la mencionada Secretaria, que contiene Decreto de 7 de octubre de 2.013, en virtud del cual se aprueba el cuaderno particional de 4 de julio de 2.012, de la herencia de la causante doña Ramona Rivas Vilas, elaborado por doña María Elisa Millán Miranda.

3.- Cuaderno particional elaborado por doña María Elisa Millán Miranda de fecha 18 de junio de 2.012.

En todas estas operaciones particionales aprobadas judicialmente nos interesa la siguiente: Cupo nº 3

Para doña Rosa Rodríguez Rivas:

Mitad indivisa de la finca sita en URBANA.- Terreno sin edificar situado en la Avenida de Ferrol de la localidad de Ribeira, con una superficie catastral de 2.837 m², que linda: Norte,; Sur, Sr. Novoa; Este, testales varios; y Oeste, Avenida de Ferrol.

PARCELA CESIÓN: Porción por el Oeste, superficie: 156,56 m²

COMPROBACIÓN: Herencia de su madre doña Ramona Rivas Vilas, fallecida, y le fue adjudicada en las operaciones particionales aprobadas judicialmente y protocolizadas mediante acta autorizada por el Notario que fue de Ribeira, don Gonzalo Freire Barral, con el número 1.008 de orden

VISTO o informe técnico emitido polo arquitecto técnico en tarefas de asesoramento a esta Corporación con **data 10 de novembro de 2022**, favorable á concesión da licenza, por resultar conforme coa ordenación urbanística e normativa técnica que lle é de aplicación.

VISTO o informe xurídico emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **9 de decembro de 2022**.

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.2. RESIDENCIAL EXTENSIVA COLECTIVA EN FILERA e 6.3-A, RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA.**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO:- CONCEDER a D. JOSÉ JAIME GARCÍA REIRIZ licenza de segregación-agrupación (Nº 9/22) de fincas (ref catastral 0425727NH0102N0001TI) según proxecto do enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico D. Juan Carlos Ecuris Villa ,colexiado nº 11.166:

A parcela inicialmente conta **cunha superficie de 2.638 m²** dos que **1.053 m²** están na Ordenanza 6.2 e **1.585 m²** están na Ordenanza 6.3 A.



Preténdese manter como **leira matriz cunha superficie de 1.838 m²** (422 m² na Ordenanza 6.2 e 1.416 m² na Ordenanza 6.3 A) e **segregar 800 m²** (631 m² en Ordenanza 6.2 e 169 m² na Ordenanza 6.3 A que se agrupan)

Quedando definitivamente coa seguinte superficie cada unha das parcelas:

Matriz de 1.838,- m² e a Segregada de 800,- m², de acordo como se describe na solicitude e documentación achegada por estar en Chan de Urbano Ordenanza 6.2 e sendo a parcela mínima de 200 m² e a fronte mínima de 10 m. Parámetros que se cumpren.

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

8.- LICENZA DE AGRUPACIÓN - SEGREGACIÓN DE FINCAS. PROMOTORA: MARÍA DOLORES GARCÍA GARCÍA. LUGAR: Lugar de Mondelo, Palmeira, Ribeira

VISTO escrito presentado por **Dna. María Dolores García García**, rexistrado de entrada o día **28 de xaneiro de 2022**, (Rexistro de entrada nº 1.461), mediante o que solicita **licenza de agrupación e segregación** de parcela con refª catastral nº 15074A035006200000KA e 15074A035006170000KA sita no lugar de mondelo, Palmeira, Ribeira, achegándose Estudio Técnico de Agrupación e Segregación de parcelas de xaneiro de 2022 redactado por D.José A. Gómez Domínguez, (arquitecto col. nº 4.169), así como escritura de propiedade.



VISTO o informe técnico emitido polo arquitecto técnico en tarefas de asesoramento a esta Corporación con **data 22 de abril de 2022**, favorable á concesión da licenza, por resultar conforme coa ordenación urbanística e normativa técnica que lle é de aplicación.

VISTO o plano e a acta de cesión emitido pola oficina técnica o **25 e 26 de abril de 2022**.

VISTO o contrato de cesión asinado por **Dna. María Dolores García García**, o día 5 de setembro de 2022 que comprende unha superficie total de cesión de **64,75 m²**, resultando na franxa sita na **Parcela A unha superficie de cesión de 31,00 m²**, na **Parcela B unha superficie de cesión de 33,75 m²**.

VISTO o informe xurídico emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo con data **7 de outubro de 2022**

VISTO o informe xurídico emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **7 de decembro de 2022**

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- CONCEDER a **Dna. María Dolores García García** a **LICENZA DE AGRUPACIÓN E POSTERIOR SEGREGACIÓN DE FINCAS (Nº 10/22)** con refª catastral nº 15074A035006200000KA e 15074A035006170000KA sita no lugar de mondello, Palmeira, Ribeira, nos termo do Estudio Técnico de Agrupación e Segregación de parcelas de xaneiro de 2022 redactado por D. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto col. nº 4.169), resultando finalmente dous (2) fincas de modo que:

-PARCELAS MATRIZ, Parcela inicial (A) con refª catastral nº 15074A035006200000KA de medición real comprobada de 1.439,00 m², clasificada segundo o PXOM en vigor como Solo Urbano Ordenanza 6.3 A (SU Ord. 6.3 A). Referida na escritura Nº 764 e fecha 5 de xullo de 2006 polo Notario de A Pobra do Caramiñal D. Gonzalo Freire Barral / Parcela inicial (B) con refª catastral nº 15074A035006170000KA de medición real comprobada de 567,00 m², clasificada segundo o PXOM en vigor como Solo Urbano Ordenanza 6.3 A (SU Ord. 6.3 A). Referida na escritura Nº 111 e fecha 1 de xullo de 1999 polo Notario de A Pobra do Caramiñal D. Víctor José Peón Rama e na escritura Nº 1053 e fecha 15 de maio de 2000 polo Notario de Ribeira D. Jaime Romero Costas.

-PARCELA RESULTANTE TRAS A AGRUPACIÓN DAS DÚAS FINCAS, ten unha superficie de 2.006,00 m²

-PARCELAS RESULTANTES TRAS A AGRUPACIÓN E POSTERIOR SEGREGACIÓN:



PARCELA A que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 1.003,00 m², unha superficie de cesión de 31,00 m² resultando unha superficie neta de 972,00 m², que linda: noroeste con vial público asfaltado; noreste coa Parcela B, resultante desta segregación; sur coa parcela 15074A035006180000KB; suroeste coa parcela 15074A035006210000KB

-PARCELA B que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 1.003,00 m², unha superficie de cesión de 33,75 m² resultando unha superficie neta de 969,25 m² que linda; norte con vial público asfaltado; este coa parcela 15074A035018200001LW; sur coa parcela 15074A035006180000KB e vial público asfaltado; oeste coas parcelas 15074A035006180000KB, 15074A035006070000KJ e a Parcela A, resultante desta segregación.

-SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Consta contrato de cesión asinado pola Sra. María Dolores García García, (DNI 33.153.243-P) o día 5 de setembro de 2022 que comprende unha superficie total de cesión de 64,75 m², resultando na franxa sita na Parcela A unha superficie de cesión de 31,00 m², na Parcela B unha superficie de cesión de 33,75 m².

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

